

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERTURA

IES POETA AÑÓN

2º E 4º ESO / CURSO 2022- 2023

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2 OBXECTIVOS	4
3 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS	6
Proposta de temporalización POR unidade 2º.....	12
Proposta de temporalización por unidades 4º.....	19
Cinco unidades por trimestre coa historia da literatura ao final.....	19
4 TRATAMENTO DO CURRÍCULO.....	24
Tratamento do currículo de 2º	24
Tratamento do currículo de 4º	34
5 COMPETENCIAS CLAVE.....	42
As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura.....	49
As competencias clave en 2º.....	53
6 CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIÁBEL DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA ESTÁNDAR E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE 2º E 4º ESO.....	64
7 INTEGRACIÓN DAS TIC.....	117
8 ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS.....	118
9 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	120
10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	122
11 TRANSVERSALIDADE.....	123
12 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	125
13 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	126
14 MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS	129
15 MATERIAS PENDENTES: ORGANIZACIÓN E SEGUIMIENTO	130
16 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	131
17 MODELOS DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE	133
18 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE ADOPTARÁN COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.....	135

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Poeta Añón de Serra de Outes abriu as súas portas no curso 1999-2000.

No centro impártense estudos de ESO e de EPA e está situado na capital do concello, ao suroeste da provincia de A Coruña, ocupando máis da metade setentrional da ría formada polo Tambre.

A poboación, máis da metade, concéntrase na costa ou preto dela, en A Serra, O Freixo, Serantes-Vara, Cruceiro de Roo e A Pontenafonso.

É un concello agrícola, gandeiro e marisqueiro. Tamén hai algunha industria relacionada coa madeira, estaleiros e construción. O sector servizos, en concreto o turismo rural, está tendo nos últimos tempos certo pulo.

O número de alumnas e alumnos por grupos é o que se indica a continuación:

grupo **alumnado**

1º A 17

1º B 18

2º A 19

2ºB 19

3ºA 19

3ºB 17

4º 26

ESA 12

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está integrado por dous membros:

Manuela Campos Agrafojo. Imparte docencia 2º (A e B) e 3º (A e B), substituída por Begoña Barral.

Mª Xosé Pájaró Vázquez (xefa do Departamento). Dá clase en 1º(A e B), 4º e en ESA o Módulo de Comunicación; substituída por Maruxa Caamaño.

2 OBXECTIVOS

Obxectivos xerais de etapa:

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa:

O desenvolvemento da LOMCE implica a desaparición dos obxectivos de área e a implementación dos catorce obxectivos xerais incluídos no apartado anterior e aos cales deben contribuír activamente todas as materias que conforman a ESO.

As materias do ámbito lingüístico están excepcionalmente dotadas para contribuír á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria posto que, alén dos contidos curriculares que lles corresponden de forma directa, a integración doutro tipo de contidos mediante textos, debates, actividades de creación literaria etc. resulta especialmente doada e facilita a creación de situacións de aprendizaxe que, á súa vez, posibiliten enfoques metodolóxicos diversos.

A estreita vinculación que se establece a través de bloques como o de Lingua e sociedade ou Coñecemento literario con contidos relacionados coa situación sociolingüística e coa historia de Galiza contribúen a facilitar a consecución de obxectivos específicos da nosa comunidade e facilitan a transferencia de coñecementos entre diferentes materias.

3 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

O horario semanal para a área de lingua galega e literatura é de tres períodos lectivos en todos os cursos da ESO. A distribución temporal dos contidos será feita pola docente dependendo dos resultados das probas iniciais e as características de cada grupo.

A continuación presentamos, non obstante, **unha proposta** da distribución temporal dos contidos.

Secuenciación dos contidos de 2º ESO

En 2.º de ESO veremos 12 unidades con varios anexos. Cada unidade presenta 9 bloques de contido: 1) Lectura; 2) Expresión escrita; 3) Lingua e texto; 4) Léxico; 5) Gramática; 6) Expresión oral; 7) Ortografía; 8) Literatura e 9) Técnicas de traballo –unidades impares– ou Lingua e sociedade –unidades pares–.

Lectura	<p>Cada unidade ábrese cun texto acompañado por un conxunto de actividades. Na selección de textos seguíronse os seguintes parámetros: calidade e adecuación aos intereses e gustos do alumnado e paridade entre o número de escritores e de escritoras e a heteroxeneidade xenérica (tres unidades van encabezadas por textos narrativos, tres por textos líricos, tres por textos dramáticos e tres por textos extraídos de xornais, revistas, folletos etc. tanto en papel como dixitais).</p> <p>Todas as lecturas van acompañadas de actividades que se organizan en progresión de complexidade e que están agrupadas do seguinte modo: actividades de comprensión textual, actividades de comprensión lectora, actividades de análise do texto e actividades de ampliación; este último grupo abrangue actividades de creación literaria e de ampliación da lectura a través de tarefas integradas que exixen a realización de investigacións, o desenvolvemento de presentacións orais, a realización de debates, a creación de materiais diversos a través de recursos dixitais etc.</p>
Expresión escrita	<p>Iníciase cun breve apartado teórico que presenta as principais características do tipo de texto que se vai traballar e que, polo regular, ofrece un modelo do texto explicado.</p> <p>A utilidade desta sección baséase en ofrecer diferentes modelos textuais para traballar na aula.</p> <p>Os modelos textuais que se traballan en 2.º de ESO son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> convite chío <i>fanfiction</i> regras de xogo relato policial ortogramas folla de reclamación entrada dunha enciclopedia en liña receita monólogo guión audiovisual soneto

Lingua e texto	<p>O bloque de Lingua e texto distribúese en dúas partes –a primeira dedicada á explicación teórica e a segunda ás actividades– en cada unidade. As tres primeiras unidades están centradas nas propiedades do texto e ao longo das seis seguintes desenvólvense as diferentes estruturas textuais (narrativa, descritiva, persuasivo-argumentativa, expositivo-explicativa, obrigativo-instrucional, dialogada e monologada); finalmente, as tres últimas unidades focan o texto xornalístico, desde a portada do xornal até os escritos informativos (noticia e reportaxe) e de opinión (artigo de opinión e editorial).</p> <p>Neste apartado téntase ofrecer explicacións teóricas sinxelas e concisas, a fin de lle facilitar ao estudantado a comprensión e a asimilación dos conceptos presentados, e unha abundante exemplificación.</p> <p>Por outra parte, cómpre destacar que tanto os textos que ilustran a teoría como os que forman parte das actividades se caracterizan por unha gran diversidade canto a autoría, época, tipoloxía (textos literarios e non literarios) etc.</p>
Léxico	<p>O apartado de Léxico contén actividades de alargamento vocabular en campos semánticos relacionados co ser humano (aspecto físico, sentimentos e estados de ánimo, saúde, roupa e calzado...), a súa vida cotiá (xogos, oficios e profesións etc.) e a súa contorna (casa, paisaxe marítima, animais...), e nos rexistros formal e informal (tecnicismos, expresións feitas etc.); tamén se dará explicación teórica das relacións semánticas e ás actividades correspondentes.</p>
Gramática	<p>No bloque dedicado á Gramática preséntanse en cada unidade teoría e actividades. Este apartado ábrese con unha unidade introdutoria centrada na palabra, tanto na súa estrutura e tipoloxía como na súa agrupación en categorías gramaticais, e a partir desta sucédense dez unidades (até a número 11) en que se abordan o substantivo, o adxectivo, o pronome, o verbo, o adverbio, a preposición e a conxunción. Após o tratamento destas categorías gramaticais, cerra o libro a unidade 12, en que se tratan os compoñentes sintácticos no nivel da frase.</p> <p>Neste apartado, procúrase presentar a información gramatical de forma clara e ben organizada, acompañada por numerosos cadros que se recollen de novo –en moitos casos, ampliados– nos anexos para proporcionarlle ao estudantado un material de estudo máis sistemático.</p> <p>Por outra parte, séguese unha terminoloxía moderna e coherente e na aula virtual ofrécense variantes terminolóxicas co fin de facilitar o tratamento integrado de linguas. Este modelo gramatical e terminolóxico que se emprega en todo o proxecto da ESO ten como obra de referencia a <i>Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión</i> (Baía Edicións, 2011).</p>
Expresión oral	<p>Consideramos fundamental para a consecución dos estándares de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura, así como para a consecución das competencias clave, a inclusión dun apartado completo de Expresión oral que xa estaba en 1.º de ESO .</p> <p>Baixo un título xeral referido ás destrezas dominantes no apartado, en cada unha das unidades recóllese un conxunto variábel de actividades que se basean na dramatización e na posta en práctica de coñecementos adquiridos grazas a outros apartados do libro.</p>

	<p>A progresión de dificultade desenvólvese ao longo dos catro cursos de ESO e trata de ir do ámbito cotián e espontáneo ao máis afastado do universo do alumnado e máis complexo, que precisa, por tanto, dunha maior preparación previa; abórdanse así múltiples situacións que exigen o dominio tanto de rexistros formais como de rexistros informais.</p> <p>Mediante este apartado o alumnado terá ocasión de practicar na aula diferentes microdestrezas orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> presentar a unha persoa saudar e despedirse dar os parabéns e agradecer expresar sorpresa e incredulidade describir, mudar de tema, persuadir expresar coincidencia e indiferenza pór exemplos pedir e facer aclaracións pór condicións calmar o/a interlocutor/a.
<p>Ortografía</p>	<p>A Ortografía integra unha breve síntese de regras ortográficas seguida de abundantes actividades. Esta organización foi pensada expresamente para reforzar mediante a práctica os coñecementos adquiridos no curso pasado.</p> <p>É por isto que se considerou que, para fomentar unha aprendizaxe verdadeiramente construtiva e para mellorar o interese do alumnado por este apartado, a organización da Ortografía debe responder a un reforzo efectivo e a unha progresión real da dificultade, en vez dunha repetición de contidos. Por este motivo, o 2.º curso supón unha revisión moi práctica de 1.º de ESO, mentres que en 3.º se introduce unha ampliación teórico-práctica de 1.º; pola súa parte, o 4.º curso de ESO foi concibido como un repaso e unha ampliación dos contidos do nivel anterior, dado que se trata do último nivel da Educación Secundaria Obrigatoria .</p> <p>Canto aos contidos da Ortografía para o 2.º curso de ESO, abórdanse –como se fixo en 1.º curso– o alfabeto, a acentuación, o uso dos sinais de puntuación e as regras de uso daquelas letras que poidan supor certa dificultade.</p> <p>En último lugar, en todas as unidades se inclúe un ditado dun texto (3 de creación <i>ad hoc</i>, 1 xornalístico e 8 literarios).</p>
<p>Literatura</p>	<p>Neste bloque afóndase no coñecemento e na práctica de diferentes subxéneros literarios, alén de profundar na orixe na literatura e nas relacións coas artes clásicas e contemporáneas.</p> <p>Partindo dos recursos estilísticos analizados durante o curso anterior constrúese unha panorámica que aborda os subxéneros máis relevantes: oda, novela, lenda, comedia, traxedia, ensaio...</p> <p>O percorrido polos diferentes subxéneros literarios alicerza a práctica do comentario literario e facilita a comprensión de textos diferentes a través de diferentes modelos textuais, mentres que, por outra banda, o estudo da orixe da literatura e da interrelación entre diferentes disciplinas artísticas pretende promover no</p>

	<p>alumnado a visión da literatura como unha disciplina viva. Así, consideramos tamén necesaria, dada a idade do alumnado e aproveitando capacidades traballadas en etapas e cursos anteriores, a inclusión dun bo número de actividades que estimulen o gusto pola lectura a través da creación literaria.</p>
<p>Técnicas de traballo / Lingua e sociedade</p>	<p>O noveno e último bloque de cada unidade divídese en dous apartados: Técnicas de traballo e Lingua e sociedade. O apartado de Técnicas de traballo está presente en 1º. e en de ESO. O seu obxectivo é garantir a adquisición dunha serie de destrezas básicas para facilitar a comprensión de textos e a adquisición de técnicas de estudo e de ferramentas de consulta de información. As seis fichas que conforman Técnicas de Traballo foron concibidas cunha breve introdución teórica, sempre acompañada da pertinente exemplificación, seguida de actividades que permitan pór en práctica a habilidade adquirida. Os aspectos que se presentan no manual de 2º. de ESO son:</p> <ul style="list-style-type: none"> biblioteca virtual gráfica presentación de diapositivas cadro sinóptico póster multimedia mapa conceptual <p>Pola súa parte, o apartado de Lingua e sociedade foi incluído en 2º. de ESO co mesmo espírito práctico que presentaba en 1.º de ESO. Con este apartado quérese introducir ao alumnado nos conceptos básicos desta disciplina dunha forma amena, xa que resultan imprescindíbeis para comprender a situación actual da nosa lingua. Este é o motivo polo que minimizamos a inclusión de teoría neste apartado, elemento que, en calquera caso, fica á vontade do/da docente. En definitiva, a nosa intención é propiciar unha reflexión natural, e mesmo lúdica, sobre os seguintes contidos, de modo que o alumnado poida percibir que se trata de nocións básicas dentro da nosa sociedade e non de meros coñecementos memorísticos. Eis estes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> linguas minoritarias e minorizadas lusofonía situación legal das linguas do Estado Español normalización lingüística variedades lingüísticas preconceptos lingüísticos

Reforzo de competencias	<p>Este apartado conta sempre como <i>input</i> cun texto non literario, variado, actual e próximo á realidade do alumnado. A partir del desenvólvese unha serie de actividades que teñen como obxecto valorar a comprensión textual, xunto con outro conxunto destinado a traballar e reforzar de forma integrada as sete competencias clave.</p> <p>Moitas das actividades requiren que o alumnado se enfrente a unha serie de tarefas integradas de complexidade variábel, polo que moitas delas poderían desenvolverse como proxectos máis amplos.</p>
Autoavaliación de contidos	Os apartados de Autoavaliación de contidos e de Autoavaliación de destrezas en 2.º de ESO favorecen que o alumnado desenvolva de forma directa a competencia de Aprender a aprender.
Autoavaliación de destrezas	<p>Formulado con preguntas sinxelas e de escolla múltiple, a Autoavaliación de contidos permite que o alumno ou a alumna realice unha revisión rápida dos contidos expostos na unidade que finaliza, de maneira que se lle facilita a tarefa de determinar aqueles aspectos do currículo que precisan máis atención pola súa parte ou nos cales pode ter dúbidas.</p> <p>Pola súa parte, o apartado de Autoavaliación de destrezas leva a que o alumnado calibre a consecución dos estándares de aprendizaxe, así como o seu grao de desenvolvemento competencial. Neste caso o alumno ou a alumna debe determinar aqueles elementos curriculares que é quen de levar a cabo con éxito con tres posibilidades de consecución: sempre, ás veces, nunca.</p>

Contamos tamén cun Apéndice gramatical, Ficha de lectura, Parchís de verbos e Proxectos trimestrais.

Apéndice gramatical	Recole de forma ordenada e sistemática cadros de todas as unidades morfolóxicas estudadas no libro, para alén de modelos de conxugación de verbos regulares, irregulares e semirregulares.
Parchís de verbo	<p>Para facilitar o estudo morfolóxico verbal e de facelo do modo máis lúdico e atractivo para o alumnado, inclúense tres taboleiros de parchís gradados segundo a súa dificultade: Nivel 1: verbos regulares, Nivel 2: verbos semirregulares e irregulares, e Nivel 3: verbos regulares, semirregulares e irregulares.</p> <p>Este material pode ser utilizado tanto dentro da aula, con diferentes posibilidades organizativas dos grupos, como de forma autónoma polos/as alumnos/as; así, tamén pode servir de material complementario e de material de ampliación ou reforzo segundo as necesidades do alumnado.</p>
Proxectos trimestrais	<p>Na procura de facilitar un achegamento didáctico ao traballo por proxectos, tamén se inclúe no Anexo tres suxestións de proxectos de duración trimestral:</p> <p>-A herdanza toponímica. O seu obxectivo é afondar no coñecemento da toponimia galega a partir da análise de topónimos da contorna, da clasificación de varios nomes de lugar procurados no <i>Nomenclátor</i> da Xunta de Galicia, da creación dunha nube de palabras que mostre a distribución estatística dos topónimos máis frecuentes e, finalmente, da reflexión sobre a frecuente españolización ou deturpación da nosa toponimia. Deste modo, incentívase o interese e a valoración por</p>

parte do estudiantado por coñecer a orixe dos nomes de lugar, a conservación da súa forma galega orixinal e, asemade, a evolución do léxico galego.

-Novela a varias mans. Con este proxecto perséguese que o alumnado se familiarice coa escrita literaria por medio da creación dunha novela en grupo a partir dun esquema básico organizado á volta de *ítems* como o formato, a tipoloxía, o enfoque, o obxectivo, o tema e o argumento, a voz e a perspectiva narrativa, a estrutura etc.

Alén diso, con esta actividade preténdese mellorar a calidade lingüística dos/das estudantes, ao tempo que se estimula a creatividade individual e que se fomenta o traballo colaborativo.

-De festa en festa. O obxectivo desta tarefa é a gravación dun documental sobre as festas e tradicións da contorna de cada centro, propondo un itinerario que recolla diferentes celebracións, explicando a orixe, mudanza histórica e desenvolvemento das mesmas, e presentando testemuños que signifiquen o valor destas tradicións.

En conxunto, os tres proxectos permiten o achegamento a contidos que forman parte do currículo de Lingua Galega e Literatura para o 2.º curso de ESO mediante a integración das sete competencias clave e fomentando o traballo en equipo, a recolla e selección de información etc., ao tempo que se traballan de forma conxunta diferentes bloques de contido tanto da materia de Lingua Galega e Literatura como doutras materias.

Proposta de temporalización POR unidade 2º

Doce unidades e tres proxectos de investigación, a temporalización ideal pasa por impartir catro unidades por trimestre e por desenvolver un proxecto durante este mesmo período. Con todo, o/a docente acostuma ter que se enfrontar cun primeiro trimestre máis amplo e máis homoxéneo (arredor de catorce semanas), fronte a un segundo e terceiro trimestres que oscilan entre as dez e as doce semanas en función dos períodos de vacacións. Por mor disto, optamos por ofrecer un modelo de periodización flexíbel que calcula unha temporalización media de tres semanas por unidade para que haxa tempo necesario para impartir contidos, establecer secuencias de aprendizaxe, para revisar e ampliar conceptos e, finalmente, realizar avaliacións.

	unidades	Lectura	Expresión escrita	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Expresión oral	Ortografía	Literatura	Técnicas de traballo / Lingua e sociedade	
1.º trimestre	Unidade 1 Semanas 1-3	“Brais”	Convite	Propiedades textuais (i): adecuación	Aspecto físico / Significado denotativo e significado connotativo	A palabra e a súa estrutura. categorías gramaticais	Presentar unha persoa	Alfabeto: letras e dígrafos	Orixes da literatura	Biblioteca virtual	Proxecto do 1.º trimestre: A herdanza toponímica
	Unidade 2 semanas 4-6	“carta geográfica” e “Chachauí”	Chío	Propiedades textuais (ii): coherencia	Sentimentos e estados de ánimo	Substantivo (i)	Saudar e despedirse	Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato	Xéneros literarios	Linguas minoritarias e minorizadas	
	Unidade 3 semanas 7-9	Auga con fronteiras	<i>Fanfiction</i>	Propiedades textuais (iii): cohesión	Roupa e calzado / Polisemia e homonimia	Substantivo (ii)	Dar os parabéns e agradecer	Acentuación (i): regras xerais	Literatura electrónica	Gráfica	
	Unidade 4 semanas 10-12	<i>A rateira</i>	Reglas de xogo	Estrutura narrativa	Cuartos da casa (i): cociña e sala	Adxectivo	Expresar sorpresa e incredulidade	Acentuación (ii): ditongos, tritongos e hiatos; diérese	Subxéneros líricos: canción e oda	Lusofonía	

unidades	Lectura	Expresión escrita	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Expresión oral	Ortografía	Literatura	Técnicas de traballo / Lingua e sociedade	Proxecto do 2.º trimestre:

2.º trimestre	Unidade 5 semanas 16-18	“A tenda da señora Hirsch” *	Relato policial	Estrutura descritiva	Xogos / Sinonimia	Pronome (I): artigo, demostrativo e posesivo	Descibir	Acentuación (III): acentuación diacrítica	Subxéneros narrativos: conto e novela	Presentación de diapositivas		
	Unidade 6 semanas 19-21	“Ovella descarreirada” e “E estamos os inútiles”	Ortogramas	Estrutura persuasivo-argumentativa	Cuartos da casa (II): cuarto e baño	Pronome (II): identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo	Mudar de tema	Puntuación (I): punto, vírgula e punto e vírgula	Subxéneros narrativos: lenda	Situación legal das linguas do Estado español		
	Unidade 7 semanas 22-24	“Augusta Ada Byron, condesa de Lovelace (1815-1851)”	Folla de reclamación	Estrutura expositivo-explicativa	Informática / Antonimia	Pronome (III): persoal	Persuadir	Puntuación (II); dous puntos, puntos suspensivos e sinais de interrogación e de exclamación	Subxéneros narrativos: fábula	Cadro sinóptico		
	Unidade 8 semanas 25-27	“Catulo e Caleno”	Entrada dunha enciclopedia en liña	Estrutura obrigativo-instrucional	Oficios e profesións	Verbo (I): tempo, modo, número e persoa verbais; formas infinitas	Expresar coincidencia e indiferenza	Puntuación (III): trazo curto, medio e longo; parénteses e aspas	Subxéneros dramáticos: comedia e traxedia	Normalización lingüística		

	unidades	Lectura	Expresión escrita	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Expresión oral	Ortografía	Literatura	Técnicas de traballo / Lingua e sociedade	
3.º trimestre	Unidade 9 semanas 31-33	"A bela adormecida na devesa"	Receita	Estruturas dialogada e monologada	Saúde / Hiponimia, hiperonimia e cohiponimia	Verbo (II): verbos regulares e semirregulares	Pór exemplos	Uso de <i>b</i> e <i>v</i>	Subxéneros didácticos: ensaio	Póster multimedia	Proxecto do 3.º trimestre: De festa en festa
	Unidade 10 semanas 34-36	"Viaxar" e "tenerife"	Monólogo	Portada dun xornal	Paisaxe marítima	Verbo (III): verbos irregulares; perífrase verbal; voz verbal	Pedir e facer aclaracións	Uso de <i>h</i> . Uso de <i>s/x</i>	Literatura e cinema	Variedades lingüísticas	
	Unidade 11	"De xeración en xeración"	Guión audiovisual	Textos xornalísticos informativos	Animais (I) / Holonimia e meronimia	Adverbio, preposición e conxunción	Pór condicións	Grupos consonánticos	Literatura e videoxogos	Mapa conceptual	
	Unidade 12	<i>Pedra sobre pedra</i>	Soneto	Textos xornalísticos de opinión: artigo de opinión e editorial	Animais (II)	Frase: funcións sintácticas e tipos	Calmar o/a interlocutor/a	Xuntos ou separados	Literatura e outras artes	Preconceitos lingüísticos	

Secuenciación dos contidos de 4º ESO

En 4.º de ESO traballaremos 15 unidades. As unidades 1-12 presentan 7 bloques de contido: 1) Lectura; 2) Expresión oral; 3) Lingua e texto; 4) Léxico; 5) Gramática; 6) Ortografía e Lingua e sociedade mentres que as unidades 13-15 recollen os contidos correspondentes a Historia da Literatura. No final de cada unidade inclúese, como en cursos anteriores, unha ficha de Reforzamento de competencias.

Lectura	<p>As unidades 1 a 12 ábrese cun texto acompañado por un conxunto de actividades. Na selección de textos primamos os seguintes parámetros: calidade e adecuación aos intereses e gustos do alumnado e paridade entre o número de escritores e de escritoras e a heteroxeneidade xenérica (tres unidades van encabezadas por textos narrativos, tres por textos líricos, tres por textos dramáticos e tres por textos extraídos de xornais, revistas, folletos etc. tanto en papel como dixitais).</p> <p>Todas as lecturas van acompañadas de actividades que se organizan en progresión de complexidade e que están agrupadas do seguinte modo: actividades de comprensión textual, actividades de comprensión lectora, actividades de análise do texto e actividades de ampliación; este último grupo abrangue actividades de creación literaria e de ampliación da lectura a través de tarefas integradas que exigen a realización de investigacións, o desenvolvemento de presentacións orais, a realización de debates, a creación de materiais diversos a través de recursos dixitais etc.</p>
Expresión oral	<p>Consideramos fundamental para a consecución dos estándares de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura, así como para a consecución das competencias clave, a inclusión dun apartado completo de Expresión oral.</p> <p>Trátase dun apartado concibido como unha ficha de traballo que procura desenvolver no alumnado habilidades de expresión oral e de escoita, recorrendo principalmente ao xogo de roles para a súa consecución.</p> <p>As unidades de 4.º de ESO céntranse na organización e na síntese da información, no manexo da cortesía e nas habilidades vinculadas co mundo laboral.</p> <p>En xeral, este apartado busca recrear situacións verosímiles que faciliten a transferencia do aprendido, de aí que se traballen as destrezas necesarias para crear e manter un diálogo produtivo, para argumentar e chegar a un acordo, para analizar e sintetizar a información e para realizar presentacións dentro do ámbito laboral.</p>
Lingua e texto	<p>O bloque de Lingua e texto organízase en dúas páxinas –unha centrada na explicación teórica e outra nas actividades– por unidade, como no manual do curso anterior.</p> <p>Este apartado está estruturado da seguinte maneira: unha primeira parte, conformada polas catro primeiras unidades, que está dedicada as propiedades textuais –e en que se confire unha atención especial aos marcadores discursivos como un dos principais recursos de cohesión textual–; e unha segunda parte, desenvolvida ao longo das oito unidades seguintes, que recolle as diversas estruturas textuais; nesta última parte faise especial fincapé na estrutura persuasivo-argumentativa (organización, características lingüísticas, tipos de argumento etc.).</p>

	<p>Neste bloque téntase fornecer explicacións teóricas sinxelas e concisas, a fin de lle facilitar aos/-as estudantes a comprensión e a asimilación dos conceptos presentados, e unha abundante exemplificación.</p> <p>Alén disto, convén subliñar que tanto os textos que ilustran a teoría como os que aparecen nas actividades presentan unha gran diversidade canto a autoría, época, tipoloxía (textos literarios e non literarios) etc.</p>
Léxico	<p>O apartado de Léxico presenta dúas páxinas por unidade. A primeira páxina está destinada integramente á achega de actividades de ampliación vocabulario en campos semánticos ligados á esfera cívica (política e lexislación, economía e finanzas, administración, xustiza, emprego e relacións laborais...) e ao lecer (deportes acuáticos e de aventura, teatro, culinaria etc.) e nos rexistros formal e informal (tecnicismos, expresións feitas...); a segunda páxina, pola súa parte, resérvase para a revisión e a ampliación teórico-práctica das relacións semánticas e dos procesos de formación de palabras .</p>
Gramática	<p>O apartado dedicado á Gramática preséntase da unidade 1 a 12, nas cales se integran os contidos teóricos e as actividades correspondentes.</p> <p>Este bloque divídese en dúas partes; a primeira, que está constituída polas seis primeiras unidades, céntrase nunha revisión en esquema de todas as categorías gramaticais, ás cales precede unha primeira unidade destinada á comunicación, á lingua e ás disciplinas lingüísticas. Pola súa parte, as seis unidades seguintes comprenden o estudo das unidades e das funcións sintácticas no interior destas, para alén do recoñecemento das estruturas sintácticas e do tipo de cláusulas e oracións segundo a natureza do PREDICADO.</p> <p>Esta estrutura foi concibida como unha revisión e unha ampliación dos contidos gramaticais dos cursos anteriores.</p> <p>Neste apartado, procúrase presentar a información gramatical de forma clara e ben organizada, nomeadamente a través do uso de esquemas da teoría gramatical que inclúen numerosos cadros para proporcionarlle aos discentes un material de estudo máis sistemático.</p> <p>Por outra parte, séguese unha terminoloxía moderna e coherente e na aula virtual ofrécese variantes terminolóxicas co fin de facilitar o tratamento integrado de linguas. O modelo gramatical e terminolóxico que se emprega en todo o proxecto da ESO ten como obra de referencia a <i>Gramática práctica d lingua galega a. Comunicación e expresión</i> (Baía Edicións, 2011).</p>
Ortografía	<p>O bloque de Ortografía consta de dúas páxinas, unha de contidos teóricos acompañados de abundantes e variados exemplos e outra coas correspondentes actividades.</p> <p>Considerouse que, para fomentarmos unha aprendizaxe verdadeiramente construtiva e para mellorarmos o interese do alumnado por este apartado, a organización da Ortografía debe responder a un reforzo efectivo e a unha progresión real da dificultade, por vez dunha repetición de contidos. Por este motivo, o 4.º curso de ESO foi concibido como un repaso e unha ampliación dos contidos do curso anterior, dado que se trata do último nivel da Educación Secundaria Obrigatoria e; pola súa parte, o 2.º curso supón unha revisión moi práctica dos contidos de 1.º de ESO, mentres que en 3.º se introduce unha ampliación teórico-práctica de 1.º curso.</p> <p>En relación aos contidos da Ortografía para o 2.º curso de ESO, trátanse a acentuación, a puntuación, os usos dalgunhas vogais de dalgunhas consoantes, os grupos</p>

	consonánticos, as palabras que presentan dúbidas canto á escrita do seu inicio ou fin e, finalmente, os vocábulos cuxos constituíntes poden grafarse xuntos ou separados.
Lingua e sociedade	<p>O bloque de Lingua e sociedade prosegue coa estrutura deseñada para 3.º de ES,O con teoría acompañada por actividades significativas que permiten asentarse os coñecementos deste bloque ao tempo que se traballan competencias xerais.</p> <p>Este apartado presenta dous tipos de contidos ben diferenciados. Por unha banda, aparecen catro unidades dedicadas á historia da lingua galega desde 1916 até a actualidade, nas unidades 10 a 12 , para facilitar o salto aos contidos literarios que se recollen a seguir.</p> <p>As restantes nove unidades afondan en conceptos como o plurilingüismo, as linguas da Península Ibérica, a normalización lingüística, a diglosia, as variedades lingüísticas, a lexislación lingüística, os preconceitos lingüísticos, a lusofonía etc.</p> <p>As actividades procuran que o alumnado potencie a investigación, a resolución de problemas e profundan de maneira particular tanto na competencia dixital como na competencia de aprender a aprender.</p>
Literatura	<p>Neste bloque amplíase o coñecemento adquirido en anos anteriores sobre a Historia da Literatura Galega deste principios do século xx até a actualidade. O contido literario ofrécese agora nas unidades 13-15 para facilitar a comprensión de períodos literarios e a análise de autores/as significativos/as.</p> <p>Os contidos periodizáronse á volta de tres grandes marcas cronolóxicas: a Unidade 13 presenta a literatura desde comezos do século xx até 1936; a Unidade 14 recolle a literatura da guerra civil, do exilio e dos anos 50, cos primeiros pasos para a recuperación do noso sistema literario; e por último, a Unidade 15 traza unha panorámica da produción literaria desde a década dos 50 até a actualidade.</p> <p>Dentro das unidades séguese a seguinte estrutura; en primeiro lugar, aparece unha caracterización do período histórico acompañada por unha selección das características literarias máis destacadas; e a seguir, recóllense os/as autores/as máis destacados/as de cada época. Tanto as características dos períodos como as dos/das autores/as veñen seguidas por unha selección de textos representativos coas súas correspondentes actividades, mais tamén se recollen, alén dos textos literarios, actividades que permiten traballar outros contidos do bloque.</p>

Reforzo de competencias	<p>Este apartado conta sempre como <i>input</i> cun texto non literario, variado, actual e próximo á realidade do alumnado. A partir del desenvólvese unha serie de actividades que teñen como obxecto valorar a comprensión textual, xunto con outro conxunto destinado a traballar e reforzar de forma integrada as sete competencias clave.</p> <p>Moitas das actividades que propomos supoñen que o alumnado se enfrente a unha serie de tarefas integradas de complexidade variábel, polo que moitas delas poderían desenvolverse como proxectos máis amplos.</p>
--------------------------------	--

Proposta de temporalización por unidades 4º

Aínda que se dará prioridade á evolución do alumando ante a aprendizaxe da materia, elaboraremos unha previsión temporal aproximada dos contidos do curso.

Dado que o manual aparece dividido en quince unidades e que estas non resultan uniformes canto aos seus contidos, a temporalización ideal pasa por impartir cinco unidades por trimestre. Con todo, o/a docente acostuma ter que se enfrontar cun primeiro trimestre máis amplo e máis homoxéneo (arredor de 14 semanas), fronte a un segundo e terceiro trimestres que oscilan entre as 10 e as doce semanas en función dos períodos de vacacións. Por mor disto, optamos por ofrecer un modelo de periodización flexible que calcula un período medio de tres semanas por unidade para que o tempo sexa o adecuado para impartir contidos, establecer secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e, finalmente, realizar avaliacións.

Cinco unidades por trimestre coa historia da literatura ao final.

		Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade
1	Semanas 1-3 Unidade 1	“En palacio”	Expresar seguranza	Adecuación	Política e lexislación / Polosemia e homonimia	Comunicación, lingua e disciplinas lingüísticas	Acentuación (I)	Plurilingüismo
	Semanas 4-6 Unidade 2	“Peinador: unha moeda galega antes do euro”	Facer suxestións	Coherencia	Economía e finanzas / Sinonimia	Substantivo / Adxectivo	Acentuación (II)	Diversidade lingüística na Península Ibérica
	Semana 7-10 Unidade 3	“Autopoética in progress” e “Some answers to	Destacar unha idea	Cohesión (I)	Deportes de aventura / Antonimia	Pronome persoal / Artigo / Demostrativo / Posesivo	Puntuación (I)	O galego e a lusofonía

	the last poem on late capitalism"							
s . Un	"Reis Magos"	Reformular	Cohesión (II)	Administración / Hiperonimia, hiponimia	Identificador / Cuantificador / Numeral	Puntuación (II)	A lingua galega nas leis	

		Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade
					e cohiponimia	/ Relativo / Interrogativo e exclamativo		
	Semanas 13-15 Unidade 5	“Vive tempo e próspero”	Facer conxecturas	Estruturas dialogada e monologada	Xustiza / Holonimia e meronimia	Verbo	Uso dalgunhas vogais e de <i>b/v</i>	Situación sociolingüística do idioma galego

	Bloques unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e texto
2.º trimestre	na 16 - 18 Unida	Xeneralizar a facer excepcións	Xeneralizar a facer excepcións	Estrutura narrativa	Ciencia / Abreviación, abreviatura e símbolo	Adverbio / Preposición / Conxunción	Uso de <i>h</i> e de <i>s/x</i>	Conflicto lingüístico e diglosia. Planificación lingüística
	Semanas 19-21 Unidade 7	Expresar dúbida e indecisión	Expresar dúbida e indecisión	Estrutura descritiva	Educación viaria / Composición	Sintaxe (I)	Uso doutras consoantes	Preconceitos lingüísticos
	Semanas 22-24 Unidade 8	Consensuar	Consensuar	Estrutura persuasivo-argumentativa (I)	Teatro / Derivación	Sintaxe (II)	Grupos consonánticos (I)	Variedades lingüísticas (I)
	Semanas 25-27 Unidade 9	Resumir	Resumir	Estrutura persuasivo-argumentativa (II)	Culinaria / Neocomposición	Sintaxe (III)	Grupos consonánticos (II)	Variedades lingüísticas (II)
	Semanas 28-30 Unidade 10	Improvisar un discurso	Improvisar un discurso	Estrutura persuasivo-argumentativa	Emprego e relacións laborais / Sigla, acrónimo e amálgama	Sintaxe (IV)	Palabras que comezan por...	Historia da lingua galega (I): a lingua galega de 1916 a 1936

	Bloques unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e texto
				(III)				

	Bloques unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	
3.º trimestre	Semanas 31-33 Unidade 11	“A xeración Biotopo”	Presentar o currículo propio	Estrutura expositivo-explicativa	Energía / Estranxeirismo, cultismo e latinismo	Sintaxe (v)	Palabras que terminan en...	Historia da lingua galega (II): a lingua galega de 1936 a 1975	
	Semanas 31-33 Unidade 12	“Peixes voadores non identificados”	Participar nunha entrevista de traballo	Estrutura obrigativo-instrucional	Deportes e actividades acuáticas / Onomatopea, palabra tabú e eufemismo	Sintaxe (vi)	Xuntos ou separados?	Historia da lingua galega (III): a lingua galega de 1975 á actualidade	
		Literatura							
	Semanas 34-36 Unidade 13	A literatura galega desde comezos do século xx até 1936	Cambiar números						
	Semanas 34-36 Unidade 14	A literatura galega desde 1936 até a Xeración dos 50							

	Semanas 34-36 Unidade15	A literatura galega desde os anos 50 até a actualidade	
--	--	--	--

4 TRATAMENTO DO CURRÍCULO

Tratamento do currículo de 2º

O currículo divide os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe en cinco bloques. O tratamento que lles demos persegue proporcionar ferramentas que permitan desenvolver unha praxe pedagóxica baseada na mestura dos bloques curriculares, que poden ser abordados desde calquera das subdisciplinas que compoñen a materia.

	1. Comunicación oral. escoitar e falar	2. Comunicación escrita. Ler e escribir	3. Funcionamento da lingua	4. Lingua e sociedade	5. Educación literaria
--	---	--	-----------------------------------	------------------------------	-------------------------------

	1. Comunicación oral. Escotar e falar	2. Comunicación escrita. Ler e escribir	3. Funcionamento da lingua	4. Lingua e sociedade	5. Educación literaria
UNIDADE 1	Lingua e texto. Propiedades textuais (I): adecuación. B1.10. Expresión oral. Presentar unha persoa. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.9. Ortografía. Alfabeto: letras e dígrafos. B1.2. / B1.5. Reforzo de competencias. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.8. / B1.9. / B1.10.	Lectura. "Brais". B2.1. / B2.6. / B2.7. / B2.8. / B2.11. / B2.12., B2.14. Expresión escrita. Convite. B2.2. / B2.8. / B2.9. / B2.12 / B2.13 / B2.14. Lingua e texto. Propiedades textuais (I): adecuación. B2.1. / B2.2. / B2.4. / B2.6./ B2.9 . Ortografía. Alfabeto: letras e dígrafos. B2.8. Técnicas de traballo. Biblioteca Virtual. B.2.5. Reforzo de competencias. B2.1. / B2.3. / B2.5. / B2.6. / B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14.	Lectura. "Brais". B3.1. / B3.4. / B3.6. Léxico. Aspecto físico / Significado denotativo e significado connotativo. B3.1. / B3.3. / B3.12. Gramática. A palabra e a súa estrutura. Categorías gramaticais. B3.5. / B3.7. Ortografía. Alfabeto: letras e dígrafos. B3.1. / B3.2. / B3.5. Reforzo de competencias. B3.1. / B3.3. / B3.5. / B3.6. Autoavaliación de contidos / Autoavaliación de competencias B3.10.		Lectura. "Brais". B5.1. / B5.3. / B5.7. Expresión escrita. Convite. B5.7. Ortografía. Alfabeto: letras e dígrafos. B5.7. Literatura. Orixes da literatura. B5.1. / B5.6. Técnicas de traballo. Biblioteca Virtual. B5.9.

U N I D A D E 2	<p>Lectura. “carta geográfica” / “Chachauí”.</p> <p>B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8.</p> <p>Expresión oral. Saudar e despedirse.</p> <p>B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.9.</p> <p>Ortografía. Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato.</p> <p>B1.2. / B1.5.</p> <p>Lingua e sociedade. Linguas minoritarias e minorizadas.</p> <p>B1.5. / B1.6. / B1.9. / B1.10.</p> <p>Reforzo de competencias.</p> <p>B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.8. / B1.9. / B1.10.</p>	<p>Lectura. “carta geográfica” / “Chachauí”.</p> <p>B2.5 / B2.6. / B2.7. / B2.8. / B2.11. / B2.12. / B2.13. B2.14.</p> <p>Expresión escrita. Chío.</p> <p>B2.2. / B2.3. / B2.8. / B2.9. / B2.12. / B2.13. / B2.14.</p> <p>Lingua e texto. Propiedades textuais (II): coherencia.</p> <p>B2.1. / B2.2. / B2.8.</p> <p>Literatura. Xéneros literarios.</p> <p>B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14.</p> <p>Reforzo de competencias.</p> <p>B2.1. / B2.3. / B2.5. / B2.6. / B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14.</p>	<p>Lectura. “carta geográfica” / “Chachauí”.</p> <p>B3.1. / B3.3.</p> <p>Expresión escrita. Chío.</p> <p>B3.1. / B3.4. / B3.5. / B3.6. / B3.12.</p> <p>Léxico. Sentimentos e estados de ánimo.</p> <p>B3.1. / B3.3. / B3.7.</p> <p>Gramática. Substantivo (I).</p> <p>B3.1. / B3.3. / B3.5. / B3.7. / B3.9. / B3.10.</p> <p>Ortografía. Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato.</p> <p>B3.1. / B3.2. / B3.5. / B3.10.</p> <p>Reforzo de competencias.</p> <p>B3.1. / B3.3. / B3.5. / B3.6.</p> <p>Autoavaliación de contidos /</p>	<p>Lectura. “carta geográfica” / “Chachauí”.</p> <p>B4.3. / B4.8.</p> <p><i>Lingua e sociedade. Linguas minoritarias e minorizadas.</i></p> <p>B4.1. / B4.2.</p>	<p>Lectura. “carta geográfica” / “Chachauí”.</p> <p>B5.1. / B5.2. / B5.6. / B5.7. / B5.9.</p> <p>Expresión escrita. Chío.</p> <p>B5.5. / B5.7.</p> <p>Lingua e texto. Propiedades textuais (II): coherencia.</p> <p>B5.1.</p> <p>Gramática. Substantivo(I).</p> <p>B5.1.</p> <p>Ortografía. Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato.</p> <p>B5.1.</p> <p>Literatura. Xéneros literarios.</p> <p>B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6. / B5.7.</p>
--	--	--	---	--	---

			Autoavaliación de competencias B3.10.		
U N I D A D E 3	Lectura. “Auga con fronteiras”. B1.5. / B1.6. / B1.8. / B1.9. / B1.10. Léxico. Roupa e calzado / Polisemia e homonimia. B1.5. / B1.6. Expresión oral. Dar os parabéns e agradecer. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.9. / B1.10. Ortografía. Acentuación (I) regras xerais. B1. 2. / B1.5. Literatura. Literatura electrónica. B1.2. / B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. / B1.10.	Lectura. “Auga con fronteiras”. B2.1. / B2.2. / B2.3. / B2.5. / B2.6. / B2.8. / B2.9. / B2.11. / B2.13. / B2.14. Expresión escrita. <i>Fanfiction</i> . B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14. Lingua e texto. Propiedades textuais (III): cohesión. B2.4. / B2.8. Ortografía. Acentuación (I) regras xerais. B2.8. Literatura. Literatura electrónica. B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14. Técnicas de traballo. Gráfica. B2.1./B2.2./B2.3./B2.4./B2.5./B2.8./B2.13. Reforzo de competencias. B2.2. / B2.4. / B2.5. / B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14.	Lectura. “Auga con fronteiras”. B3.1. / B3.3. / B3.4. / B3.5. / B3.6. Lingua e texto. Propiedades textuais (III): cohesión. B3.8. / B3.9. Léxico. Roupa e calzado / Polisemia e homonimia. B3.1. / B3.3. Gramática. Substantivo(II). B3.5. / B3.7. Ortografía. Acentuación (I) regras xerais. B3.2. / B3.5. /B3.10. Reforzo de competencias. B3.5. / B3.6. / B3.7. Autoavaliación de contidos / Autoavaliación de competencias B3.10.		Producción escrita. <i>Fanfiction</i> . B5.3. / B5.7. Lingua e texto. Propiedades textuais (III): cohesión. B5.1. Gramática. Substantivo(II). B5.1. Ortografía. Acentuación (I) regras xerais. B5.1. Literatura. Literatura electrónica. B5.1. / B5.7.
U N I D A D E 4	Lectura. <i>A rateira</i> . B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.8. / B1.9. / B1.10. Léxico. Cuartos da casa (I): cociña e sala. B1.5. / B1.6. / B1.9. Expresión oral. Expresar sorpresa e incredulidade. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.9. / B1.10. Ortografía. Acentuación (II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese. B1.2. / B1.5.	Lectura. <i>A rateira</i> . B2.5. / B2.7. / B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14. Expresión escrita. Regras de xogo. B2.8. / B2.12. / B2.13. / B2.14. Lingua e texto. Estrutura narrativa. B2.8. / B2.12. / B2.14. Literatura. Subxéneros líricos: canción e oda. B2.12. / B2.14. Reforzo de competencias. B2.1. / B2.3. / B2.5. / B2.8.	Lectura. <i>A rateira</i> . B3.1. /B3.3. Expresión escrita. Regras de xogo. B3.4. / B3.5. / B3.6. / B3.8. Lingua e texto. Estrutura narrativa. B3.4. / B3.5. / B3.6. / B3.8. Léxico. Cuartos da casa (I): cociña e sala. B3.1. Gramática. Adxectivo. B3.5. / B3.7. / B3.9. / B3.10. Ortografía. Acentuación (II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese. B3.5. / B3.10.	Lingua e sociedade. Lusofonía. B4.1. / B4.3. / B4.8.	Lectura. <i>A rateira</i> . B5.1. / B5.4. Lingua e texto. Estrutura narrativa. B5.1. Gramática. Adxectivo. B5.1. Ortografía. Acentuación (II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese. B5.1. Literatura. Subxéneros líricos: canción e oda. B5.1. / B5.2. / B5.5. / B5.6. / B5.7. / B5.9.

	Literatura. Subxéneros líricos: canción e oda. B1.5. / B1.6.	/B2.11. / B2.12. / B2.13. / B2.14.	Reforzo de competencias. B3.1. / B3.3. / B3.5. / B3.6. Autoavaliación de contidos / Autoavaliación de competencias B3.10.		
	■	■	■ LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística ecultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	■ CCL ■ CSC	■ 1ª ■ 2ª ■ 3ª	■ Técnica de observación e de petición de produtos: exercicios sobre a importancia cultural das variantes dialectais, desterrando o prexuízo.	■ Sen prexuízo, moi ao contrario, considera as variantes dialectais un elemento cultural enriquecedor.
	■	■	■ LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	■ CCL ■ CSC	■ 2ª	■ Técnica de petición de produtos (exercicios) e de resolución de problemas (exercicios nas probas escritas).	■ Influxo da situación sociolingüística nas variedades diafásicas e diastráticas ecoñecemento destas.
	Bloque 5. Educación literaria.		■	■	■	■	■
■ h ■ l	■ B5.1. Identificación e	■ B5.1. Identificar e comprender os	■ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura	■ CCL	■ 3ª	■ Técnica de resolución de problemas: pregunta(s)	■

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución para superar a materia
	comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	galega de 1916 ata a actualidade.			nas probas escritas	
	■	■	■ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnicas de resolución de problemas: comentario de textos literarios nas probas escritas con preguntas teóricas sobre a historia da literatura galega.	■ Sabe os períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
■ h ■ l	■ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	■ B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	■ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnica de petición de produtos: exercicios de selección de textos literarios razoada do período sinalado. ■ Técnica de resolución de problemas: comentario de texto, xustificando a selección,	■ Elección razoada de textos literarios representativos do período 1916 a hoxe.
	■	■	■ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnica de petición de produtos: controis de lectura escritos, tamén, orais.	■ Resume de libros de lectura do período sinalado e relación do texto co seu contexto.
	■	■	■ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura	■ CCL	■ 3ª	■ Técnica de petición de produtos: exercicios de	■ Comentario guiado ou libre de textos literarios desde

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución para superar a materia
			galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente			comentario de textos literarios.	1916 ate a actualidade.
	■	■	■ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnicas de petición de produtos:traballo comparativo de textos literarios dun mesmo ou de diferente período,e por todo en relación co contexto do período ou períodos.	■ Poñer en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico a análise comparativa de textos dun mesmo ou de diferente período.
■ h ■ i	■ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	■ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	■ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnicas de observación.	■ Le textos dos diferentes xéneros literarios que fosenescritos entre 1916 e a actualidade.
	■	■	■ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	■ CCL	■ 3ª	■ Técnicas de observación. ■ Técnicas de presentación de produtos: Crear, despois da audición, un texto argumentando sobre os seus valores literarios.	■ Audición de textos literarios representativos da literatura galega e seguidamente, facer un texto debatendo ou ponderando os valores literarios dos textos escoitados.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ h ■ l 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Técnica de petición de produtos: exercicios con textos representativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Traballos de análise de textos representativos da literatura galega de 1916a hoxe.
<ul style="list-style-type: none"> ■ e ■ h ■ l 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Petición de produtos:revisión nos traballos as fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Realizar os traballos con fontes diversas ,sempre citadas.
			<ul style="list-style-type: none"> ■ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Técnicas de petición de produtos: revisión nos traballos do punto que corresponde ao emprego das TICS se o houber ;ou ben,ver no mesmo traballo en que punto ou puntos do mesmo foron empregadas as TICS. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Realizar os traballos coa axuda das TICS.
<ul style="list-style-type: none"> ■ h ■ l ■ n 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Técnicas de petición de produtos: exercicios de creación literaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ A partir do traballo de aula, facer textos con intención literaria.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución para superar a materia
	desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.					
	■	■	■ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	■ CCL ■ CCEC	■ 3ª	■ Técnicas de observación	■ Vai progresando o gusto pola escrita, como elemento necesario para analizar sentimentos e xuízos.

7 INTEGRACIÓN DAS TIC

Non podemos enfocar unha didáctica da lingua e da literatura na actualidade sen termos en conta os cambios que xa se produciron na sociedade e, tamén no ensino, especialmente nos medios de comunicación.

Co obxecto de incorporar as TIC ao currículo escolar, realizaranse ao longo do curso diferentes traballos encamiñados a afianzar as destrezas básicas no manexo de: Procesadores de textos.

Internet como fonte de documentación e acceso á información. En INTERNET procuraremos a información precisa para realizar traballos diversos relacionados coa nosa materia, substituíndo a charla do profesorado por unha notas orientativas que permitan ao alumnado seleccionar a información que lles proporcione uns coñecementos adecuados, intentando que o alumnado amose interese pola investigación.

Dicionarios dixitais, enciclopedias e webs educativas.

Coñecemento e emprego de páxinas interesantes para a nosa materia. Recorrerase ás TIC como ferramenta útil para o estudo.

Así, poderanse traballar aspectos da materia como a ortografía, a morfoloxía ou o léxico, a través de actividades con soporte dixital que aportarán un compoñente lúdico a un traballo, moitas veces, percibido con certo tedio por parte das alumnas e dos alumnos.

8 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Procuramos en todo momento que as actividades propostas resultasen variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentamos integrar en todas as unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo clase ou ao grupo nivel; en último lugar, son ampliábeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes.

Metodoloxía didáctica

No desenvolvemento da unidade didáctica levarase a cabo a seguinte secuenciación de actividades: Presentación.

Secuenciación.

Análise e síntese de contidos

No momento da PRESENTACIÓN están presentes tres accións:

- a) Presentación dos contidos da unidade, dos materiais que se empregarán, das actividades que se van realizar, etc .
- b) Avaliación dos coñecementos previos do alumnado coa realización de preguntas e dunha proba inicial que o determine,
- c) Motivación do alumnado mediante:

A lectura de textos introdutorios a cada tema que poidan resultar de interese. Proxección de películas.

Material procedente de diversas fontes como internet.

- (...)

Durante a fase de ANÁLISE DE CONTIDOS desenvolveranse as seguintes actividades:

- a) Nun primeiro momento haberá unha exposición por parte do profesorado de , e tamén todo tipo de aclaracións, de todos os aspectos relacionados co modelo textual, de todas as cuestións gramaticais e das obras e dos autores que serán obxecto de estudo en cada unidade didáctica.
- b) A continuación, o profesorado actuará como guía e mediador para favorecer as aprendizaxes significativas. Proporcionará mostras de textos e exercicios diferentes e variados para

que o alumnado descubra os contidos de cada unidade e realizar, traballos de reforzo e ampliación se for necesario.

O alumnado, pola súa parte, deberá:

Ter unha participación activa nos debates e nas actividades de introdución e desenvolvemento. Facer traballos individuais para a maior parte das actividades.

División en grupos para traballos de procura de información e elaboración de comentarios. Traballar en grupos reducidos nas actividades de reforzo.

c) Na derradeira fase levarase a cabo A SÍNTESE DE CONTIDOS, que permitirá ao alumnado facer a recapitulación destes. En definitiva, levarase a cabo unha metodoloxía activa e participativa, que faga posible un enfoque da aprendizaxe:

PERSONALIZADO, porque se partirá dos coñecementos previos do alumnado.

SIGNIFICATIVO, porque o alumnado constrúe os seus propios coñecementos, interioriza as diferentes experiencias e estratexias que fan que afonde e desenvolva os mesmos, tanto desde o punto de vista da disciplina como desde de o punto de vista da estrutura lóxica do alumnado.

Será, por todo o dito, preciso que: o contido sexa claro e preciso

a presentación do contido saliente a súa coherencia, estrutura e significatividade lóxica, así como aqueles aspectos susceptibles de ser relacionados con esquemas de coñecementos previos.

O aprendido sexa útil, funcional, en situacións reais de comunicación.ampliábeis

9 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo: existe alumnado con distinto nivel de competencia curricular, que se encontra en diferente momento do desenvolvemento psicoevolutivo, que ten distintas motivacións e intereses, que procede de diferentes ambientes...

Dentro da diversidade e heteroxeneidade do alumando, poden darse casos máis particulares de estudantes que necesiten apoios educativos específicos.

Para adecuarnos ás diferencias individuais e garantir que todo o alumando acade os obxectivos marcados, tomaremos diferentes tipos de medidas:

Medidas ordinarias: orientadas a facilitar a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

Entre estas medidas, podemos destacar aquelas dirixidas a favorecer a aprendizaxe do estudante en base ás súas posibilidades; emprego de diferentes metodoloxías; adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, aula de convivencia...

Medidas extraordinarias: as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Cómpre sinalar que estas medidas só se levarán a cabo unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou cando estas últimas son insuficientes.

Entre este tipo de medidas encontramos: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro...

O profesorado adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación á realidade e necesidades do alumnado do centro. Sinalamos, a seguir, algúns deles no seguinte cadro:

NECESIDADES DO ALUMNADO	PROTOCOLO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Necesidades educativas especiais	
Discapacidade intelectual	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644
Discapacidade motórica	Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade motora” http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) Síndrome Asperger	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655 http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703
Necesidades específicas de apoio educativo	

TDAH	<p>“Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”:</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</p>
Incorporación tardía (alumnado estranxeiro de recente incorporación)	<p>“Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro)”:</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</p>
Necesidades específicas de aprendizaxe	<p>“Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos de aprendizaxe”:</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</p>
Desvantaxe socio educativa	
Ambientes desfavorecidos/ marxinais	<p>“Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar”:</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410</p>
Atención educativa por enfermidade	
Atención educativa hospitalaria	http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal

10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias son aquelas que se realizan en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que empregan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro, e figurando na programación xeral anual, aprobada polo CONSELLO ESCOLAR, se realizan fóra do horario lectivo cunha participación voluntaria por parte do alumnado.

Estes últimos cursos as actividades extraescolares, así como as da biblioteca e as de NL cubriron tanto espazo que o noso departamento organiza algunha actividade, só de xeito puntual, e cando a actividade en cuestión sexa dun altísimo interese (conferencia de autores sobre obras lidas; obras de teatro...).

11 TRANSVERSALIDADE

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

Comprensión lectora. Expresión oral e escrita. Comunicación audiovisual.

Tecnoloxías da información e da comunicación. Emprendemento.

Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

Igualdade e respecto	— Igualdade efectiva entre homes e mulleres
	— Prevención da violencia de xénero
	— Prevención da violencia contra persoas con discapacidade
	— Igualdade de trato e non discriminación
	— Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia
	— Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social
	— Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos,
	o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia
	— Evitación de comportamentos e de contidos sexistas
	— Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

Emprendemento	— Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico
Educación viaria	— Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico e das súas secuelas

Todos estes aspectos aparecen amplamente representados tanto nos contidos como nos textos, nos exemplos e nas actividades do noso proxecto didáctico. Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículo, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, tamén incluimos materiais que abordan o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

12 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e técnicas empregados para a consecución da avaliación do progreso do alumnado aparece a continuación tamén se recollen os instrumentos de avaliación nos que será rexistrada a información importante para a avaliación do rendemento académico do alumnado.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Técnica de resolución de problemas	1. Probas escritas
2. Técnica de petición de produtos	2. Traballos e actividades (individuais, colectivos, de casa ou de aula)
3. Técnicas de observación	3. Caderno do profesorado: observación e rexistro de incidencias
4. Expresión probas escritas	4. Rúbricas

13 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Criteria de cualificación en 2º e 4º ESO

Para poder dar unha cualificación en cada unha das tres sesións de avaliacións previstas durante o curso, antes da avaliación final ordinaria, todos os profesores deste departamento avaliarán o alumnado a través de diferentes probas, exercicios e actividades nas que este demostre o seu grao de coñecemento da materia, acade os estándares do curso e o logro dos obxectivos previstos.

Antes de cada sesión de avaliación cada alumno fará polo menos unha proba específica (exames) que medirá os seus coñecementos teóricos e as aplicacións prácticas destes. Á hora de cualificar estas probas non só se terán en conta os acertos nas exposicións e nas resolucións prácticas senón tamén a ausencia de erros de expresión lingüística. Estas probas supoñerán o **60%** da nota global de cada avaliación.

Outro factor de cualificación é a avaliación do proceso de aprendizaxe, que inclúe a valoración das actitudes do alumnado, o seu traballo diario, a resolución de exercicios e comentarios prácticos, o respecto debido aos compañeiros de aula e ao profesorado, as facilidades para a realización de debates ou traballos en equipo, a presentación das probas orais ou escritas. A participación activa na aula, o traballo diario, a puntual realización dos exercicios encomendados e a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua, avaliábles pola observación directa e diaria do profesor/a, ou por rexistros de observación, supoñerán o **20%** da nota global de cada avaliación.

Un **10%** corresponderá ao uso oral diario da lingua, á súa corrección oral e á valoración da lingua como manifestación da riqueza cultural e como sinal de identidade dun pobo. A avaliación deste 10% realizarase por observación directa na aula, actividades orais, debates...

Así mesmo se cualificará a lectura das obras obrigatorias que se indican para cada trimestre e que se inclúen na presente programación; delas o alumnado deberá dar conta a través de exposicións orais, debates na aula, resumos, comentarios ou outro tipo de traballo oral ou escrito que o profesor propoña para cada obra na clase. Estas probas supoñerán o **10%** da nota global de cada avaliación. A seguir, preséntanse unha relación de posibles lecturas, entre as que se deberá escoller unha, dependendo do nivel e intereses do alumnado. Poderanse aceptar, non obstante, outras obras distintas para os casos particulares: alumnado coñecedor das obras propostas, lecturas de difícil acceso...

2º ESO	4º ESO
As lágrimas de Shiva, César Mayorquí.	Os comedores de patacas, M.Rivas. Unha estrela no vento, Leticia Costas.
Os vellos non deben de namorarse, A. D. Rodríguez Castelao.	A esmorga, E. Blanco Amor. Aire negro, Agustín Fernández Paz.
Amor dos quince anos, Marilyn, Agustín Fernández Paz, Xerais	Memoria do silencio. E. Mejuto. Made in Galiza, Sechu Sende

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias.

A **calificación final** será a media aritmética real das tres avaliacións; para aprobar cada unha delas o alumnado deberá obter , polo menos, un 5. O alumnado que non acade esta nota, deberá presentarse a un exame global final de toda a materia, independentemente de que teña aprobada algunha avaliación.

Chegados a este punto, **cómpre deixar claro que:**

- 1) Os **erros** (ortográficos, morfolóxicos, léxicos ou textuais) cometidas nas tarefas e probas escritas poderán ser penalizadas até un máximo de 1 punto (0,2 por erro).
- 2) A **non asistencia** a calquera das **probas** previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou titores; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.
- 3) No caso de sorprenden un alumno/a **copiando**, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie na realización de calquera proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos. O alumnado que for sorprendido copiando, o/ -a docente poderá decidir para as futuras probas (durante o que resta de curso) que estas non sexan escritas, senón orais. Neste último caso, terán lugar o mesmo día que as probas escritas, no departamento de Lingua Galega e Literatura e coa presenza doutro profesor dese departamento. No caso de que un alumno/a non fose sorprendido no acto da copia pero da lectura e corrección do exame ou proba escrita se levantasen sospeitas fundadas de ter copiado, o/-a docente pode requirir, o máis axiña posíbel, a repetición desa proba por escrito ou oralmente (neste caso, no lugar e forma expresadas con anterioridade).

Procedemento ante una acto de copia

En caso de darse o feito de copia en traballos, exames ou probas de avaliación, no momento en que sexa posible o profesor levantará unha acta na que conste: materia, curso e grupo no que sucede, día e hora, identificación do alumno/a(s) que copia(n), tipo de proba copiada, feitos observados, material manexado sen autorización (libros, apuntamentos, dispositivos electrónicos, etc.), actitude protagonizada polo alumno/a e, finalmente, partes do exame realizadas ata ese momento. Con esta acta o profesor anexará as probas que considere oportunas: materiais ou de simple observación de condutas. Desa acta entregaranse copias ao profesor titor/a do grupo, á xefa de estudos e ao xefe do departamento. Os pais/nais/titores do/a alumno/a que copie serán informados dos feitos polo profesor titor/a do grupo.

4) Poderáselle dar a posibilidade de incrementar a súa nota con lecturas voluntarias pactadas ou propostas pola docente. A cualificación das lecturas sumará 0,5 por libro, até un máximo dun punto.

14 MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento ten fixados como libros de texto:

2º ESO BAÍA EDICIÓNS

4º ESO BAÍA EDICIÓNS

No caso da educación secundaria destinada a adultos, ESA, o propio departamento elaborará o material, tanto o de galego coma o de castelán

O material será completado con outro menos habitual como:

Fichas e actividades de outros libros, fichas e actividades elaboradas polo propio departamento.

Material de diferentes orixes ou elaborados por nós na Aula virtual, Web...

Recollemos material, que adaptamos, de libros sobre didáctica das linguas de editoriais galegas e foráneas.

15 MATERIAS PENDENTES: ORGANIZACIÓN E SEGUIMIENTO

Segundo o artigo 51, da Orde de setembro de 2021, sobre Medidas de Atención á Diversidade, o Plan de Reforzo para a recuperación de materias pendentes será elaborado polo/-a docente que dá a materia que o alumno/-a ten pendente, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores estará suxeito ao programa de seguimento:

1) Realización de probas escritas de carácter obrigatorio.

Marcaranse, preferiblemente, dous exames parciais, que terán lugar ao longo do curso. Estas probas realizaranse, preferiblemente, fóra das datas habituais de realización dos exames do curso.

2) Realización de traballos e/ou actividades escritas (que deberán ser entregados o día da proba).

Para superar a materia cómpre ter un mínimo de 4,5 sobre 10.

16 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolvido ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notábel mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Modelo de avaliación da programación didáctica:

	Puntos fortes da programación	Puntos fracos da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación				
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				

Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Pertinencia dos instrumentos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave				
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa				
Dinámica do grupo				
Participación en actividades extraescolares e complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Favorecemento da multidisciplinariade				
Favorecemento do tratamento integrado de linguas				
Factores que favoreceron o cumprimento da programación				
Causas de non cumprimento da programación				

17 MODELOS DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

(CRITERIOS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE)

1. Planificar a práctica docente baseándonos nos estándares de aprendizaxe.
2. Realizar a avaliación inicial a primeiros de curso para poder adoptar as medidas individuais e grupais precisas.
3. Empregar diferentes instrumentos de avaliación: técnica de resolución de problemas (probos escritos e orais), técnica de solicitude de produtos (traballos, caderno, análise de textos) e técnicas de observación (caderno da ou do profesorado).
4. Establecer criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
5. Establecer con claridade os criterios de corrección e de puntuación.
6. Buscar información actualizada e interesarse por novas correntes metodolóxicas e a súa aplicación na aula.
7. Comezar a clase explicando o que se vai facer.
8. Seleccionar e secuenciar os contidos de xeito progresivo e tendo en conta as características particulares de cada grupo.
9. Resumir e repasar o comezo de cada sesión os contidos de clases anteriores.
10. Relacionar os contidos e actividades cos coñecementos previos do alumnado.
11. Empregar exemplos na introdución de novos contidos.
12. Propor ao alumnado actividades diversas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
13. Realizar un seguimento das actividades do alumnado.

14. Revisar e corrigir os traballos .Facer posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas, indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe mellorar.
15. Proporcionar a información precisa para a resolución de tarefas e para melloralas.
16. Propor novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando non foron acadados de xeito suficiente.
17. Solucionar a s dúbidas do alumnado.
18. Promover a participación activa do alumnado
19. Dirixir preguntas a toda a clase, para provocar a atención e a reflexión do alumnado.
20. Empregar os recursos didácticos adecuados ao contido de cada unidade.
21. Planificar a actividade educativa de xeito coordinado co resto do profesorado (departamentos, orientación e profesoras e profesores de apoio).

18 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE ADOPTARÁN COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

Como a competencia lingüística activa e pasiva do alumnado é diversa, debemos ter en conta na programación tanto a quen ten máis desenvolvidas as súas capacidades expresivas orais e escritas como a quen segue un ritmo máis lento.

1. Os resultados da proba inicial dirán a competencia lingüística de cada alumna e de cada alumno, o nivel medio de coñecemento dos grupos, as dificultades máis habituais e detectar os casos problemáticos que precisen de actividades de reforzo ou ampliación, así como de orientación.
2. O alumnado que se incorpore ao centro deberá realizar unha proba escrita que nos indique o seu nivel de coñecementos da materia.
3. Na proba inicial de 1º da ESO incluiremos, como mínimo, preguntas comprensión lectora e tarefas de redacción.
4. Os membros do departamento reuniremonos para intercambiar datos sobre o nivel de coñecementos da materia do alumnado que continúe estudos no centro. Se for preciso realizar unha proba escrita, valoraremos os aspectos seguintes: comprensión; adscrición de textos a unha determinada modalidade textual; variedades da lingua; análise de textos literarios; morfoloxía e/ou sintaxe; e ortografía.
5. Os resultados da proba inicial determinarán o nivel de partida da clase. Durante os primeiros días de curso tentaremos de facer un repaso da materia do curso anterior.
6. Se detectásemos alumnado con dificultades severas de comprensión e de expresión, derivariámolo ao Departamento de Orientación para que faga un diagnóstico axeitado.
7. A profesora ou o profesor activará as medidas de reforzo oportunas se as carencias individuais localizadas non impiden o desenvolvemento e o seguimento da clase.
8. Coordinaremonos co profesor ou profesora de Apoio cando o Departamento de Orientación faga un informe que confirme as dificultades graves da alumna ou alumno.
9. Elaboraremos unha Adaptación Curricular Significativa, en colaboración coa Orientadora, para o alumnado con necesidades educativas especiais.
10. Revisaremos de xeito periódico os contidos da Programación e así adaptalos á situación real de cada grupo e de cada alumna e alumno.

En Outes, a 19 de setembro de 2023

Asdo: Maruxa Caamaño, profesora substituta de María Xosé Pájaro Vázquez (Xefa do Departamento).